CONCELLO DE VIGO

VIGO

www.igualdadevigo.org

BOLETÍN COEDUCATIVO DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE

BOLETÍN Nº1: Xuño 2017

Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e nas nas relacións entre mozos e mozas. (I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020)

Mediante a *COEDUCACIÓN* podemos inverter esa tendencia. Coeducar axuda a previr, compensar e erradicar aquelas desigualdades nos seres humanos que non teñen outra xustificación que a inercia da discriminación por razón de xénero propia da nosa cultura.

Para que este boletín?

Este boletín ten a intención de darlles a coñecer ás familias o traballo que se desenvolve desde esta concellería, en colaboración cos centros educativos.

Para acabar coas desigualdades é necesaria a implicación de toda a sociedade: administración, centros educativos e familias. Debemos actuar conxuntamente para construír unha sociedade igualitaria, respectuosa cos dereitos humanos e libre de violencia.



COEDUCACIÓN:

Educar conxuntamente a nenas e nenos nas que se deben potenciar os mesmos valores, sen deixarse influír polos estereotipos sexuais vixentes. Supón que cada persoa se desenvolva de acordo coas súas potencialidades sen ter imposicións sociais que limiten ese desenvolvemento.



A Área de Igualdade do Concello de Vigo ten unha ampla traxectoria no traballo a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero, e o seu traballo desenvólvese principalmente nos **seguintes eixos:**

Servizos e recursos de prevención, atención e tratamento da violencia de xénero:

- Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres
- Programa de atención psicolóxica a menores vítimas da violencia de xénero
- Rede municipal de vivendas de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas

Realización e apoio a programas que promovan a igualdade:

- Avaliación das políticas de igualdade
- Fomento da participación das mulleres co apoio ao asociacionismo
- Trámite de queixas a través do Observatorio Municipal de Xénero
- Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia
- Casa das Mulleres
- Centro de Documentación de Recursos Feministas

Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero:

- Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre:
  - a igualdade de oportunidades,
  - a perspectiva de xénero e
  - a prevención e o tratamento da violencia de xénero
- Programas dirixidos á comunidade escolar

PROGRAMAS DIRIXIDOS Á COMUNIDADE ESCOLAR

CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE: obradoiros dirixidos ao alumnado de 6º de educación infantil e 2º, 4º e 6º de educación primaria.

CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE!: Programa IRENE: programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade

OBRADOIROS FORMATIVOS PARA O ALUMNADO DE SECUNDARIA

A IGUALDADE DÁ XOGO: Promoción da igualdade no deporte

CAMPAÑA PARA FAVORECER O USO NON SEXISTA DE XOGOS E XOGUETES

CONCELLO DE VIGO VIGO www.igualdadevigo.org

PROGRAMA: CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE

A quen vai dirixido?

Ofértase ao alumnado de 6º de educación infantil e 2º, 4º e 6º de educación primaria.

Cal é a súa finalidade?

Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos para promover a coeducación e previr a violencia de xénero a través de obradoiros temáticos nas aulas. Están dirixidos a reflexionar e promover a igualdade entre sexos, e a fomentar no alumnado unha visión máis crítica fronte as posibles desigualdades de xénero aínda presentes na sociedade actual.

En que consisten?

Estes obradoiros desenvólvense dende a perspectiva de xénero, empregando unha metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade.

Que centros participan?

Durante estes doce anos de desenvolvemento do programa todos os centros públicos da cidade participaron nalgún momento nel.

O programa iniciou a súa andaina no curso 2005-2006, polo que acabamos de rematar a duodécima edición. Cada vez son máis os centros participantes.

Quen imparte os talleres?

Baixo a supervisión da Concellería de Igualdade, unha pedagoga elabora un plan específico para cada nivel educativo.

Que centros participaron este ano?

No curso escolar 2016-2017 participaron 44 centros de ensino público da cidade cun total de 4.414 rapazas e rapaces.

- CEIP VALLE INCLAN
- EEI RÚA ARAGÓN
- EEI CRISTO DA VICTORIA
- EEI MONTE DO ALBA
- CEIP LOPE DE VEGA
- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
- CEIP OTERO PEDRAIO
- CEIP EDUARDO PONDAL
- CEIP IGREXA CANDEÁN
- CEIP SANTA TEGRA
- CEIP PLURILINGÜE IGREXA VALADARES
- CEIP PLURILINGÚE SOBREIRA
- CEIP VICENTE RISCO
- CEIP CHANS BEMBRIVE
- CEIP SAN SALVADOR
- CEP STA. MARINA BECERREIRA
- EEI MONTE DA GUÍA
- CEIP COUTADA BEADE
- CEIP JAVIER SENSAT
- CEIP FRIAN TEIS
- CEIP SÁRDOMA MOLEDO
- CEIP DR. FLEMING
- CEIP BALAIDOS
- CEIP CELSO EMILIO FERREIRO
- CEIP PLURILINGÜE RAMÓN Y CAJAL
- CEIP ALFONSO R. CASTELAO
- CEIP GARCÍA BARBÓN
- CEIP PLURILINGÜE RIA DE VIGO
- CEIP ALTAMAR
- CEIP PARAIXAL
- CEIP A DOBLADA
- CEP CANICOUVA
- CEIP PÁRROCO DON CAMILO
- CEP O SELLO
- CEIP VIRXE DO ROCIO
- CEIP O POMBAL
- CEIP PLURILINGÜE PINTOR LAXEIRO
- CEIP ESCULTOR ACUÑA
- CEP MESTRE GOLDAR
- CEIP ILLAS CIES
- CEIP A PAZ-TINTUREIRA
- CEIP PLURILINGÜE CARRASQUEIRA
- CEIP PLURILINGÚE CARBALLAL CABRAL
- CEIP SEIS DO NADAL

Movimos os pés e desde o curso 2005/2006 **xa son 52 centros públicos da cidade** os que veñen participando nos **obradoiros de Camiña con nós pola Igualdade** para promover a igualdade de oportunidades entre nenas e nenos. A participación no último curso escolar ascendeu a **4.294 alumnas e alumnos.**

www.igualdadevigo.org

Cales son os contidos?

BUSCAMOS SORRISOS NO PATIO 6º infantil

De forma lúdica, o alumando reforza a idea do respecto pola individualidade de cada persoa. Hai tantas formas de ser neno e e nena como nenos e nenas hai; polo tanto, non hai xogos, xoguetes, cores nin gustos obrigatorios marcados polo sexo co que se nace.

OS XOGUETES E A SÚA PUBLICIDADE 4º primaria

Achégaselle ao alumnado o mundo da publicidade para que tomen conciencia e adquiran unha visión crítica sobre o papel que xoga na transmisión de roles e estereotipos tradicionalmente asignados a cada sexo de forma diferenciada.

NESTA CASA COLABORAMOS TODOS E TODAS 6º infantil

Para que a igualdade de oportunidades sexa unha realidade, debemos potenciar, desde idades temperás, un modelo de relación baseado na convivencia e o respecto mutuo, libre de estereotipos e roles sexistas.

XENIAIS E CON MOITO XENIO 6º primaria

A invisibilidade das mulleres na ciencia occidental determinou que a obra científica feminina non se dese a coñecer na mesma medida e co mesmo recoñecemento cá masculina. Con esta actividades quérese valorar e dar visibilidade a algunhas científicas, reflexionando sobre as súas traxectorias persoais, coñecendo as súas contribucións, etc.

VALORÁNDONOS CON DEPORTIVIDADE 2º e 4º primaria

Preténdese contribuír na formación dun alumnado crítico coas falsas crenzas e prexuízos sexuais canto a gustos e capacidades deportivas que poden crear expectativas diferentes por razón de sexo e condicionar a libre elección de nenos e nenas. Sen obviar os obstáculos que aínda persisten, reflectirase unha imaxe positiva das deportistas actuais

QUE ME ESTAS CANTANDO? 6 primaria

O obxectivo é promover o pensamento crítico do alumnado respecto ás mensaxes que se transmiten nas cancións que escoitan e bailan; así como aprender a detectar, coñecer e clasificar as diferentes formas de violencia exercidas cara ás mulleres e nenas.

NESTA CASA COLABORAMOS TODOS E TODAS 2º primaria

Achegarase o alumnado ao mundo da publicidade dirixida a nenas e nenos para que tomen conciencia e adquiran unha visión crítica sobre o papel que xoga na transmisión de roles e estereotipos tradicionalmente asignados a cada sexo de forma diferenciada.

www.igualdadevigo.org/coeducación:
Na sección de Coeducación da páxina web da Concellería de Igualdade, pódense consultar memorias de anteriores edicións e blogs de profesorado onde se recollen algunhas das accións realizadas nas aulas.

CONCELLO DE VIGO

www.igualdadevigo.org

A ADOLESCENCIA

É o inicio e experimentación das relacións afectivas. Nestas relacións imos aprendendo como comportarnos, o que afectará ás relacións futuras.

É unha etapa de maduración e de formación da personalidade.
O desenvolvemento afectivo precisa dunha atención educativa dirixida a conseguir o grao de autoestima, confianza e seguridade que permitan un crecemento saudable e feliz.

Os resultados dunha investigación con máis de 350 rapazas novas puxeron de manifesto dificultades e carencias serias por parte das mozas adolescentes e xoves para percibir a violencia psicolóxica nas súas relacións de noivado, sendo o amor o elemento que maior confusión producía*

O 25% de mulleres de 16 a 19 anos que tiveron parella nalgunha ocasión sufriron violencia mediante control nos últimos 12 meses.

Un de cada tres xoves considera inevitable ou aceptable nalgunhas circunstancias "controlar os horarios da parella", "impedir á parella que vexa a súa familia ou amistades", "non permitir que a parella traballe ou estude" ou "dicirlle as cousas que pode ou non pode facer".*

As novas tecnoloxías poden agravar as situacións de violencia de xénero, nunha xeración que é xa nativa dixital. O 25% das rapazas recoñecen ter sufrido control a través do móbil*

Unha de cada tres mulleres xoves non identifica os comportamentos de control con violencia de xénero.*

Se ben é certo que no eido da igualdade entre mulleres e homes se produciron innegables avances, as investigacións con adolescentes* poñen de manifesto que a nosa sociedade segue a ser sexista. Porén, nos últimos tempos o sexismo tradicional foi adoptando novas expresións e formas máis sutís.

Resulta imprescindible que a xuventude coñeza, comprenda e identifique os mecanismos de reprodución das desigualdades, así como da violencia de xénero.

Para isto, desde a Concellería de Igualdade deséñanse actividades de sensibilización, información, formación e prevención dirixidas á mocidade.

*Datos obtidos do informe: Percepción de la violencia de género en la adolescencia y la juventud. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. 2015
Enlace

PROGRAMA: CONECTAMOS BEN ? MOZOS E MOZAS QUE SE TRATAN BEN DE = A =

OBRADOIROS FORMATIVOS:

Durante o curso escolar ofértanse aos centros de ensino secundario unha serie de obradoiros formativos impartidos por persoal especializado que teñen por obxecto ofrecer información sobre os mitos do amor romántico, e para previr as distintas manifestacións da violencia de xénero entre a mocidade: malos tratos físicos, psíquicos, ciberviolencia, violencia sexual, etc.

Os **temas** que se tratan nos obradoiros son os seguintes:

- Desmitificación dos mitos do amor romántico
- Prevención da violencia sexista
- O bo uso das redes sociais

No curso 2016-2017 realizáronse 7 obradoiros nos que participaron 22 centros de ensino secundarios e 1255 alumnos e alumnas:

Escolas Nieto	Colexio Mercantil	Colexio Alba
IES Beade	Colexio Martín Códax	Colexio Don Bosco
Colexio Possumus	IES Castelao	IES Coruxo
IES A Guía	CPR Quiñones de León	Colexio Apóstol Santiago
IES Alexandre Bóveda	Colexio San Blas Vista Alegre	IES San Tomé de Freixeiro
Nosa Señora da Esperanza	IES Politécnico	IES Álvaro Cunqueiro
IES Politécnico	Colexio Divino Salvador	
IES San José de la Guía	IES Carlos Casares	

Guía Conectamos ben?

Esta guía está dirixida ás rapazas e aos rapaces da cidade, coa finalidade de promover entre elas e eles o bo trato naqueles ámbitos nos que se desenvolve a súa vida cotiá: as redes sociais, o tempo de lecer coas amizades e no amor.

ARQUIVOS ADXUNTOS:
Guia_Conectamos_ben.pdf 4432 KB

www.igualdade.vigo.org/publicacions

CONCELLO DE VIGO VIGO www.igualdadevigo.org

PROGRAMA: A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE!

Programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade

O Concello de Vigo ten asinado un convenio de colaboración co Instituto da Muller para desenvolver na nosa cidade o Programa IRENE: Programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade. Está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Trátase dunha exposición itinerante dirixida a sensibilizar na prevención da violencia sexual entre mozas e mozos, dirixida ao alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional dos centros de ensino secundario da cidade.

A exposición consta de 10 paneis expositivos:

Panel 1. **Título e información institucional.**
Panel 2. **Que é a violencia sexual?**
Panel 3. **Tipos de violencia sexual máis frecuentes.**
Panel 4. **Consecuencias.**
Panel 5. **Sufriches violencia sexual?**
Panel 6. **Como podemos axudar?**
Panel 7. **Exerciches violencia sexual?**
Panel 8. **A violencia de xénero é...**
Panel 9. **Quérete!. Decide con liberdade sobre a túa vida e sobre as túas relacións.**
Panel 10. **Quérete!. Decide con liberdade, vive en igualdade.**

1, 2 e 3: Créditos, identificación da violencia sexual e tipos.

4 e 5: Dirixidos a posibles moz@s que sufran esta violencia. Sinálanse as consecuencias para poder recoñecer a situación e afrontala.

6: Dirixido ao grupo, coa intención de que o alumnado poida solidarizarse coa persoa agredida e actuar en consecuencia.

7: Identifica situacións e actitudes de violencia e control, para que o alumnado reflexione sobre a súa forma de relacionarse.

8: Inclúense recursos de apoio, e a definición de violencia de xénero, ao ser a violencia sexual unha das súas manifestacións.

9 e 10: Claves positivas, para que mozos e mozas manteñan relacións en igualdade e liberdade, queréndose a si mesmos e mesmas, e respectando as diferenzas coas demais persoas.

CONCELLO DE VIGO

www.igualdadevigo.org

Ademais, elaboráronse **15.000 folletos coa información da exposición.**



2 de cada 100 mulleres as que o xulgado outorga unha medida de **protección** como vítima de violencia son **menores** de idade.

A violencia sexual é calquera acto de natureza sexual tanto físico, psicolóxico ou verbal no que se obrigue unha moza ou un mozo a participar en contra dos seus desexos

A VIOLENCIA SEXUAL É UN DELITO

Os estudos especializados indican que o 75% dos delitos sexuais non se denuncian

RECURSOS

5 de cada 100 mozas adolescentes e 1 de cada 100 mulleres universitarias recoñecen que se sentiron obrigadas a condutas de tipo sexual nas que non querían participar

Só en España se **denuncian** unha media de **6.500** casos de violencia sexual cada ano.

12 de cada 100 mulleres novas entre 18 e 29 anos manifestaron que sufriron violencia de xénero alguna vez na súa vida.

No curso escolar 2016/17 , a exposición itinerante percorreu 11 centros de educación secundaria da cidade:

- Escuelas Nieto
- IES Carlos Casares
- IES Beade
- IES Coruxo
- IES Politécnico de Vigo
- CPR Daniel Castelao
- IES Carlos Castelao
- Centro San José de la Guía
- CIFP Valentín Paz Andrade
- IES Santa Irene
- IES San Tomé de Freixeiro

PIDE AXUDA

Máis información: a exposición conta con material de apoio como un manual coa información ampliada:
www.igualdadevigo.org/violenciasexualxuventude

CONCELLO DE VIGO

www.igualdadevigo.org

25 DE NOVEMBRO, *DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.* PROGRAMA ENLAZA VIGO

EDICIÓN 2016:"Desmontando os mitos contra o amor romántico"

Exposición colectiva de 50 murais na rúa do Príncipe, realizados polo alumnado de secundaria baixo a temática ***"Desmontando os mitos do amor romántico".***

Os murais estiveron na rúa do Príncipe do 18 ao 26 de novembro de 2016. Participaron 38 centros de ensino secundario da cidade.

Os mitos do amor romántico están moi estendidos na sociedade na que vivimos. Estas crenzas aprendémolas desde a infancia, mediante contos, cancións, relacións familiares, medios de comunicación, etc. e desta maneira séguense xustificando e reproducindo.

Transmisión dos mitos do amor romántico

O ideal romántico da nosa cultura ofrece un modelo de conduta amorosa que estipula o que "de verdade" significa namorarse e que sentimentos han de sentirse, como, cando, con quen si e con quen non. O compoñente cultural é o causante de que se desenvolvan crenzas e imaxes idealizadas verbo do amor que en numerosas ocasións dificulta o establecemento de relacións sas e provoca a aceptación, normalización, xustificación ou tolerancia de comportamentos claramente abusivos ou ofensivos.

❤️ 💜 💙 🥀 🖤

Ademais dos centros escolares, outras entidades sumáronse á reivindicación neste día. En total foron 41 centros os que participaron nos actos do 25 de novembro:

CPR Alba	CPR Las Acacias	CPR San Miguel 2	IES Politécnico de Vigo
CPR Alborada	CPR María Auxiliadora	CPR Santa Cristina	IES Ricardo Mella
CPR Apostol Santiago	CPR Mariano	ES A Guía	IES Rosais 2
CPR Barreiro	CPR Martín Códax	ES Alexandre Bóveda	IES San Tomé de Freixeiro
CPR Bouza Brey	CPR Mercantil	IES Álvaro Cunqueiro	IES Santa Irene
CPR Compañía de María	CPR Montecastelo	IES Carlos Casares	CIFP Daniel Castelao
CPR Divino Salvador	CPR Monterrey	IES Castelao	Colectivo Arela
CPR El Castro	CPR Montesol	IES Coruxo	Asociación Diversidades
CPR El Pilar (Maristas)	CPR Niño Jesús de Praga	IES de Beade	Consello Municipal da Muller
CPR Escolas Nieto	CPR Possumus	IES de Teis	Secretariado General Gitano
CPR Labor	CPR Quiñones de León	IES do Castro de Vigo	Asociación Érguete

CONCELLO DE VIGO

www.igualdadevigo.org

ACCIÓN DE RÚA

enlaza vigo
REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O obxectivo é **concienciar** os medios de comunicación e a sociedade en xeral, principalmente as novas xeracións, contra a Violencia de Xénero.

Desde o ano 2012 o 25 de novembro, a iniciativa Enlaza Vigo concentra á cidadanía e ao alumnado de secundaria para a construción dun gran tapiz humano nas rúas Colón e Urzáiz.

O 25 de novembro de 2016, participaron no tapiz 26 centros de ensino da cidade e 2.186 alumnos e alumnas.

Pretendemos que Vigo exprese dun xeito claro e contundente a súa condena e repulsa contra o machismo e a violencia de xénero como unha das súas consecuencias máis tráxicas

Esta iniciativa recibiu no ano 2013 o **Premio Nacional no II Concurso de Boas Prácticas Locais contra a Violencia de Xénero**, convocado pola Delegación do Goberno para a violencia de xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias

enlaza vigo
REACCIÓN CIDADÁ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Máis información
www.enlazavigo.org

CONCELLO DE VIGO

www.igualdadevigo.org

CAMPAÑA PARA FAVORECER O USO NON SEXISTA DOS XOGOS E XOGUETES

Campaña que promove a Concellería de Igualdade co obxecto de fomentar un uso non sexista dos xogos e xoguetes, a través das redes sociais e mupis da cidade.

O **xogo** é unha das actividades máis importantes da infancia, é a forma natural de medrar e aprender. A través do xogo imítanse condutas, transmítense valores, modelos de comportamento, actitudes, etc. que van configurando a educación que reciben nenos e nenas.

A idades moi temperás (0-3 anos) nenos e nenas xogan indistintamente con diversos tipos de xoguetes que pouco tempo despois uns e outras descartan por consideralos doutro sexo, perdendo a oportunidade de aprender novas capacidades que lles favorezan a convivencia entre sexos, e as enriquezan como persoas.

Calquera xogo ou xoguete pode utilizarse indistintamente para nenos como para nenas

É preciso espertar a conciencia do importante que é escoller ben os xoguetes dos nosos cativos e cativas.

Na man das persoas adultas está conseguir que o sexismo deixe de aceptarse como algo normal e comece a ser unha excepción

www.igualdadevigo.org/campañas

A IGUALDADE DA XOGO. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO DEPORTE

Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

O deporte é un medio imprescindible para romper cos modelos tradicionais acerca das prácticas denominadas como masculinas, polo que se debe garantir o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres á súa práctica.

Nos anos 2016 e 2017, con motivo do 8 de marzo tivo lugar o acto "Deportistas pola igualdade" co fin de visibilizar as mulleres deportistas polo Día Internacional da Muller. Este acto celebrouse no Auditorio Mar de Vigo, enchendo coas asistentes o seu hall. Mozas deportistas de clubs da cidade leron o manifesto diante de máis de 2.000 persoas caa ano, fundamentalmente nenas do programa municipal de escolas deportivas pero tamén de numerosos clubs da cidade.

+ A mulleres están infrarrepresentadas nos postos de decisión e dirección no deporte.

+ As mulleres deportistas e os seus logros apenas teñen repercusión nos medios de comunicación.

+ A pesar de todo isto, existen na nosa localidade numerosas mulleres deportistas que contan cun palmarés salientable, destacadas estatal e internacionalmente nas súas disciplinas e inscritas en todas as prácticas deportivas, tamén consideradas "masculinas".

+ Non haberá igualdade real entre homes e mulleres mentres os estereotipos de xénero sigan existindo.

www.igualdadevigo.org/mulleredeporte

RECURSOS EDUCATIVOS

Na sección de **Coeducación** páxina web da Concellería de Igualdade, pódese consultar material coeducativo elaborado para diferentes etapas do ensino e outros recursos didácticos para o profesorado.

Colección de DE IGUAL A IGUAL:

Unidade didáctica

Unidade didáctica

Unidade didáctica

Unidade didáctica

INTERCULTURALIDADE:



Unidade didáctica

(dirixido a profesorado de 3º e 4º da ESO . Trabállanse aspectos relacionados co xénero, a interculturalidade e a situación sociocultural de Tamil Nadu, na India.)

CORRESPONSABILIDADE:

Guía didáctica

(dirixida ao profesorado)

Guía de corresponsabilidade
(dirixida ao alumando da ESO)

XOGUETES NON SEXISTAS:

Unidade didáctica

OUTROS RECURSOS:
XOGO PLANETA IGUALDADE:

Xogar

DATAS E DATOS:

Ir á páxina

EXPOSICIÓN PERMANENTE "PLANETA IGUALDADE" información

Lugar: Museo Verbum-Casa das Palabras.
Avenida de Samil, 17

Xogo do Puzzle
Xogo Memory

GLOSARIO

Sexismo

Prexuízo ou discriminación baseado no sexo que vén determinada polas diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres. Actitude que propicia a dominación e subordinación dun sexo sobre outro.

Machismo

Comportamento de desvalorización cara as mulleres. Responde a unha forma asimétrica de organizar as relacións entre os xéneros, a desigual distribución do exercicio do poder. Os procesos de socialización da cultura lexitiman a crenza na posición superior do home, e na posición de subordinación da muller.

Feminismo

Corrente de pensamento e movemento de loita pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos. É a loita polos dereitos humanos e a fin da discriminación que sofren as mulleres polo mero feito de seren mulleres.

Estereotipos de xénero

Crenzas simplificadas, compartidas e fortemente asumidas sobre as características e roles típicos que os homes e as mulleres temos que ter e desenvolver nesta sociedade.

Violencia de xénero

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se produce na vida pública ou privada".“Constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que nos conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home impedindo o adianto pleno da muller” (Declaración das Nacións Unidas sobre a eliminación da violencia contra as mulleres)

Políticas de igualdade de oportunidades

Consisten na posta en marcha de medidas compensatorias tendentes a eliminar aquelas discriminacións por razón de sexo que limitan a mulleres e homes a oportunidade de acceder e desenvolverse en igualdade en calquera ámbito: político, social, económico, cultural, afectivo, educativo...

OFICINA DE IGUALDADE

Praza do Rei, 1. 1º andar. 36202 Vigo.
Teléfono: 986 810 284
Fax: 986 430 082
E-mail: ofi.muller@vigo.org
Horario: de luns a venres de 8:00 a 15:00h.